



## PISTA MUNICIPAL DE PADEL

### - NORMAS DE USO -

#### HORARIO

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
17:00 – 18:30	17:00 – 18:30	17:00 – 18:30	17:00 – 18:30	17:00 – 18:30
18:30 – 20:00	18:30 – 20:00	18:30 – 20:00	18:30 – 20:00	18:30 – 20:00
20:00 – 21:30	20:00 – 21:30	20:00 – 21:30	20:00 – 21:30	20:00 – 21:30

O punto de recollida e entrega das chaves de luns a venres e o sábado pola mañá será a Casa da Cultura.

SÁBADO	DOMINGO
9:00 – 10:30	9:00 – 10:30
10:30 – 12:00	10:30 – 12:00
12:00 – 13:30	12:00 – 13:30
16:00 – 17:30	16:00 – 17:30
17:30 – 19:00	17:30 – 19:00
19:00 – 20:30	19:00 – 20:30
20:30 – 22:00	20:30 – 22:00

O punto de recollida e entrega das chaves os sábados pola tarde e os domingos todo o día será no Castelo.

#### SOLICITUDES PARA O USO DA PISTA

1. O uso da pista municipal de padel será gratuíta previa solicitude de reserva.
2. As solicitudes para o uso da pista de padel deberanse facer na Casa da Cultura (de luns a venres e sábados pola mañá) ou no Castelo (sábados pola tarde e domingo todo o día).
3. A persoa solicitante debe ser maior de idade.
4. A concesión da pista será diaria en rangos de 90 minutos. Non se concederá a pista para tempos superiores.
5. A reserva da pista poderase facer por teléfono deixando os datos do solicitante (Nome e apelidos, data de nacemento, DNI e teléfono), aínda que posteriormente haberá que pasar pola Casa da Cultura para asinar a solicitude.
6. Unha vez concedida a pista, o solicitante deberá pasar pola Casa da Cultura, ou Castelo (dependendo do horario) para recoller as chaves da instalación, facéndose responsable das mesmas, así como da instalación.
7. Unha vez rematada a sesión o solicitante debe deixar pechada toda a instalación e debe entregar as chaves no mesmo lugar onde as recolleu.
  - 7.1. No caso de que o horario asignado sexa o último do día e a Casa da Cultura ou o Castelo (segundo corresponda) estean pechados, o solicitante deberá entregar as chaves ao día seguinte á primeira hora.
  - 7.2. No caso de que na quenda seguinte a instalación estea reservada por outro solicitante, o anterior deberá deixarlle as chaves da instalación ao seguinte. Neste caso os dous solicitantes serán avisados con anterioridade desta situación.

Se por algunha razón o solicitante que ten reservada a seguinte quenda non aparece na instalación, o que remata deberá entregar as chaves no lugar onde as recolleu.